

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

VENRES 26 / SÁBADO 27
XANEIRO
Pentación, SA
EL PADRE
De Florian Zeller

"*El padre* é cualificada polo propio autor Florian Zeller de farsa trágica. E aí radica a súa grandeza e a súa dificultade. Trata un tema tan espiñento como a pérdida da realidade debida á vellez. Colócanos na perspectiva dunha mente confusa ou, quizá, confundida polos intereses dos que o rodean, nunca o saberemos. Sen ridiculizar xamais o carácter principal, Andrés fainos rir. As situacións ambiguas, moitas veces contraditorias, as réplicas mordaces, os personaxes duplicados, cambiantes, e por riba de todo a dúbida de se o que realmente sucede é o que di a familia ou é o que sente o pai, producen unha das obras máis divertidas, apaixonantes e profundas do teatro contemporáneo. Moitas veces achégase ao drama, outras moitas á comedia e a maioría das veces a un inquietante “thriller” ao estilo Hitchcock. Nunca decae e cando cremos estar nunha certeza, un revés inesperado, unha imaxe nova desconcértanos e vólvenos a atrapar. Gran divertido teatro. Naturalmente é unha obra escrita para un actor. Contar con Héctor Alterio para o papel principal converte este proxecto nun soño para calquera equipo xa que o rigor, a intelixencia, o dramatismo e o sentido do humor están garantidos.”

José Carlos Plaza

Reparto:
Andre: **Héctor Alterio**
Anne: **Ana Labordeta**
Pierre: **Luis Rallo**
Hombre: **Miguel Hermoso**



Laura: **Zaira Montes**
Mujer: **María González**

Equipo artístico/técnico:
Dirección e adaptación: **José Carlos Plaza** / Escenografía e iluminación: **Francisco Leal** / Vestuario: **Juan Sebastián Domínguez** / Música: **Mariano Díaz**


Entradas: tarifa P

Duración: 90 minutos (sen intermedio)

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

SÁBADO 17 / FEBREIRO
Clara Sanchis
UNA HABITACIÓN PROPIA
De Virginia Woolf

Unha escritora dá unha conferencia ante unhas novas estudantes, sobre o tema de “as mulleres e a literatura”, en 1928. As súas palabras, irónicas e afiadas, son o



relato vivo dun descubrimento: para dedicarse á literatura, unha muller necesita diñeiro e unha habitación propia. Só fai nove anos que se lle concedeu o voto á muller. Está a producirse a maior revolución social de todos os tempos: a igualdade de homes e mulleres ante a lei.

Clara Sanchis

Equipo artístico/técnico:
Dramaturxia e dirección: **María Ruiz** / Música: **Clara Sanchis** a partir de J. S. Bach / Iluminación: **Juan Gómez-Cornejo**

Duración: 75 minutos (sen intermedio)

Entradas: tarifa B

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

VENRES 23 / SÁBADO 24
FEBREIRO
Concha Busto Producción y Distribución e Juan Carlos Rubio Producciones
EL PRÍNCIPE
De Nicolás Maquiavelo

Maquiavelo escribiu *O príncipe* en 1513. Cinco séculos despois, as súas palabras seguen absolutamente viventes. É un manual escrito para que os gobernantes saiban como manexar ao pobo ou é un aviso ao pobo acerca de como somos manexados polos gobernantes? A ambigüidade é unha constante na obra e na vida de Niccolò dei Bernardo dei Machiavelli. De feito, non creo que debamos diferenciar a unha da outra. A complexidade da súa descarnada análise política toma maior altura cando un coñece o seu angustioso periplo vital. Este foi o obxectivo ao construír *O príncipe* de Maquiavelo: fundir obra e creador, dar voz a un fascinante personaxe ao que demasiados condenaron á escuridade moral sen concederlle sequera a oportunidade de explicarse. Agora tena. E debe ser escoitado para, de paso, demostrarnos que o poder, de calquera ideoloxía e en calquera época, obedece sempre ás mesmas regras, sexa cal for o fin, sexan cales sexan os medios.

Clara Sanchis

Equipo artístico/técnico:
Dramaturxia e dirección: **María Ruiz** / Música: **Clara Sanchis** a partir de J. S. Bach / Iluminación: **Juan Gómez-Cornejo**

Duración: 75 minutos (sen intermedio)

Entradas: tarifa B

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

VENRES 2 / SÁBADO 3
MARZO
Coproducción de El Pavón Teatro Kamikaze, o XXXIV Festival de Otoño a Primavera de la Comunidad de Madrid e Calle Cruzada
BLACKBIRD
De David Harrower

Blackbird: merlo. “Black”, negro, representa a morte, o mal e o descenso á tumba, mentres que “bird”, paxaro, simboliza a vida eterna e o ascenso aos ceos. O “blackbird” simboliza a tensión entre a alma e o corpo, o espiritual e o terreal. O Festival de Otoño a Primavera encarga a unha das nosas novas e brillantes directoras, Carlota Ferrer, a posta en escena dun dos textos máis controvertidos dos últimos anos. Un thriller que narra a inesperada aparición de Una no traballo de Ray. Un reencontro que pon en perigo as súas vidas actuais e tensa a nosa comodidade dentro da orde moral establecida.

En *Blackbird*, o autor escocés David Harrower, valente e provocador, retorce os límites do amor, sacudindo a nosa conciencia a través dun



VENRES 2 / SÁBADO 3
MARZO

Coproducción de El Pavón Teatro Kamikaze, o XXXIV Festival de Otoño a Primavera de la Comunidad de Madrid e Calle Cruzada

BLACKBIRD
De David Harrower



reencontro que tenta curar un ferida froito dun amor imposible que aínda hoxe segue aberta. O conflito trasládase ao patio de butacas, onde o espectador, convertido en xuíz, vai recompoñendo a través do diálogo un quebracabezas ao que lle faltan pezas.

“Blackbird que cantas á morte da noite toma estas asas rotas e aprende a voar. Toda a túa vida estiveches esperando este momento para levantar o voo. Blackbird que cantas na morte da noite toma estes ollos fundidos e aprende a mirar. Toda a túa vida estiveches esperando este momento para ser libre”.

The Beatles

Reparto:
Irene Escolar (como Una)
José Luis Torrijo (como Ray)

Equipo artístico/técnico:
Dirección: **Carlota Ferrer** / Dirección de produción: **Jordi Buxó** e **Aitor Tejada** / Deseño de escenografía: **Mónica Boromello** / Deseño de vestuario: **Ana López Cobos** / Deseño de iluminación: **David Picazo** / Deseño de espazo sonoro: **Sandra Vicente** (Studio 340) / Audiovisuais: **Jaime Dezcallar**

Duración: 90 minutos (sen intermedio)

Entradas: tarifa E

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

XOVES 8 / VENRES 9
MARZO
Marzo Producciones Artísticas, SL
EL LUNAR DE LADY CHATTERLEY
De Roberto Santiago
:: Programación especial Día da Muller 2018 ::

Reparto:
Ana Fernández

Equipo artístico/técnico:
Dirección: **Antonio Gil** / Deseño de escenografía: **Sean Mackaoui** / Deseño de Iluminación: **Gustavo Pérez Cruz** / Deseño de espazo sonoro: **Iñaki Rubio** / Deseño de vestuario: **Montse Sancho**

Duración: 70 minutos (sen intermedio)

Entradas: tarifa A

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

SÁBADO 10 / MARZO
Karlik Danza
MARÍA ZAMBRANO – LA PALABRA DANZANTE
De Cristina D. Silveira
:: Programación especial Día da Muller 2018 ::

Karlik danza teatro no seu 25 aniversario desexa render homenaxe a María Zambrano, filósofa española, cando se cumpre tamén 25 anos do seu falecemento. Tras case medio século



de exilio, España recoñecerá a figura de María Zambrano outorgándolle en 1981 o Premio Príncipe de Asturias de Comunicación e Humanidades e en 1988 será a primeira muller en recibir o Premio Miguel de Cervantes de Literatura. Render homenaxe á figura de María Zambrano como muller, pensadora, creadora a través da palabra danzante, da imaxe, a metáfora e o símbolo desde o pensamento poético, a emerxencia do logos feminino, o desenvolvemento do humano esencial, a transculturalidade, a universalidade.

Reparto:
Cristina Pérez Bermejo
Elena Sánchez Nevado

Duración: 70 minutos (sen intermedio)

Entradas: tarifa A

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

SÁBADO 10 / MARZO
Karlik Danza
MARÍA ZAMBRANO – LA PALABRA DANZANTE
De Cristina D. Silveira
:: Programación especial Día da Muller 2018 ::

Karlik danza teatro no seu 25 aniversario desexa render homenaxe a María Zambrano, filósofa española, cando se cumpre tamén 25 anos do seu falecemento. Tras case medio século



Catro actrices que atravesan esas idades nas que corren o risco de desaparecer do mundo do espectáculo, fartas de non recibir ofertas de emprego, deciden autoempregarse e montar unha peza, xuntándose nun aula de cultura, pechada hai anos, dunha entidade bancaria que hai anos que cambiou de nome. En vista de que non atopan textos para catro mulleres, aventúranse a promovelo elas mesmas, encomendándollo a unha xove escritora que vive emigrada, partindo dunha noticia aparecida nos xornais:

Reparto:
Cristina Pérez Bermejo
Elena Sánchez Nevado

Equipo artístico/técnico:
Dirección e dramaturxia: **Cristina D. Silveira** / Coreografías: **Cristina Pérez Bermejo**, **Elena Sánchez Nevado**, **Cristina D. Silveira** / Composición musical orixinal: **Álvaro Rodríguez Barroso** / Escenografía, vestuario e deseño gráfico: **Susana de Uña** / Deseño de iluminación e dirección técnica: **David Pérez Hernando** / Cantante: **Anna Picornell Hernández** / Voces off: **María Zambrano**, **Elena Sánchez Nevado**, **Pedro Luis López Bellot** / Edición e animación vídeo: **Mara Núñez Berrocoso**

Duración estimada: 60 minutos (sen intermedio)

Entradas: tarifa B

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

VENRES 23 / SÁBADO 24
MARZO
Contraproductions, SL
NACIDAS LIBRES
De Cándido Pazó

Catro actrices que atravesan esas idades nas que corren o risco de desaparecer do mundo do espectáculo, fartas de non recibir ofertas de emprego, deciden autoempregarse e montar unha peza, xuntándose nun aula de cultura, pechada hai anos, dunha entidade bancaria que hai anos que cambiou de nome. En vista de que non atopan textos para catro mulleres, aventúranse a promovelo elas mesmas, encomendándollo a unha xove escritora que vive emigrada, partindo dunha noticia aparecida nos xornais:

"A policía rescata a tres monxas indias retidas contra a súa vontade nun convento de clausura en Santiago". Con esa inspiración van argallando un espectáculo en múltiples planos no que, con rigor e obxectividade, pero con frescura, dinamismo, emoción e pinceladas de humor, entran no entramado argumental do caso, pero tamén en múltiples reflexións e referencias a diversos temas vistos dende a perspectiva de xénero: a desigualdade, a ilusión da liberdade, os condicionantes da muller nas distintas culturas, a emigración,...

Reparto:
Rocío González / **Casilda Alfaro**
Mónica Camaño / **Susana Dans**



Equipo artístico/técnico:
Dirección de escena: **Cristina Domínguez** / Escenografía e vestuario: **Carlos Alonso** / Iluminación: **Afonso Castro** / Música e espazo sonoro: **Guillermo Fernández**

Duración: 90 minutos (sen intermedio)


Entradas: tarifa B

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

VENRES 6 / ABRIL
Eme2 emoción&arte
A LEITUGA
De César Sierra
(versión de Jose Barato)

Cinco familiares, tres deles son irmáns e as parellas de dous deles, reúnen na casa da irmá maior, para celebrar o aniversario do pai, o que se atopa en estado de coma dende hai nove anos. O que ao comezo parece unha sinxela celebración de aniversario convírtese nunha encarnizada puxa por ver quen se responsabiliza dos cuidados do pai.



A *Leituga* é unha comedia trágica sobre a familia, os asuntos non resoltos, as contas pendentes. O sacrificio e a culpa. O odio e o rancor. A moral e o instinto. Os medos e as miserias. A búsqueda da felicidade. O dereito a vida e o dereito a morte.

Reparto:
María Vázquez / **Antonio Durán "Morris"** / **Federico Pérez** / **Jose Barato** / **Mercedes Castro**

Equipo artístico/técnico:
Dirección: **Víctor Duplá** / Escenografía: **Coti** / Deseño Son: **Anxo Graña** / Deseño Iluminación: **Coti** / Vestuario: **Uxía Vaello**

Duración: 90 minutos (sen intermedio)

Entradas: tarifa B

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



Todas as funcións representaranse ás 20:30 h.

Tarifas >

- **Tarifa Padre**
26,00 - 22,00 - 18,00 - 12,00 euros
- **Tarifa Especial**
21,50 - 15,00 - 13,00 - 9,50 euros
- **Tarifa A**
18,00 - 14,00 - 11,00 - 8,50 euros
- **Tarifa B**
14,00 - 10,00 - 8,00 - 6,50 euros

Carné xove, máis de 65 anos, desempregados: -20%

Venda de billetes >

- Despacho de billetes da praza de Ourense de luns a venres (agás festivos) de 9:30 a 13:00 h. e de 16:30 a 19:30 h.
- Despacho de billetes do Teatro Rosalía Castro aberto só os días de función de 16:00 a 20:00 h.
- Televenda: 902 044 226
Luns a venres de 9:00 a 22:00 h.
Sábados de 14:00 a 22:00 h.
Domingos de 16:00 a 21:00 h.
- web: <https://ticketea.com>
(servizo permanente 24 h.)

Pagos >

- Despacho de billetes da Praza de Ourense, do Teatro Rosalía Castro e televenda con tarxeta de débito ou crédito excepto American Express.

Máis información:



e na web:
www.coruna.es/cultura



D.L.: C2122-2017

VENRES 13 / SÁBADO 14
ABRIL

La Competencia Producciones

TRAINSPOTTING

Basado na novela de Irvine Welsh,
adaptación teatral de Harry Gibson,
versión Rubén Tejerina

Espectáculo teatral baseado no espectacular *Trainspotting*.

A publicación de *Trainspotting* en 1993 supuxo algo máis que un bombazo editorial. O título inspirouse nun hobby popular en Gran Bretaña: ver pasar os trens mentres se apuntan as horas de chegada e saída. Vendeu máis dun millón de copias só no Reino Unido, traducíuse a máis de 30 idiomas e en 1996 foi adaptada ao cinema polo británico Danny Boyle.

O impacto deste retrato estremecedor dun grupo de mozos sen oficio nin beneficio que resiste inmune ao paso do tempo. A ousadía na linguaxe que propugna Welsh, a sordidez dun relato sen escrúpulos de desfasamento, sexo e alcol..., e sobre todo o tratamento en clave de humor co que aborda os estupefacientes, desvirtuándoos amablemente... acusárono de glorificar a droga e fomentar o seu uso, pero el só trataba de describir o que coñecía... Curiosamente, tamén é o libro máis roubado da historia en bibliotecas públicas británicas...

Reparto:

Críspulo Cabezas / Xabi Murúa
Victor Clavijo / Sandra Cervera
Irene Arcos

Equipo artístico/técnico:

Dirección escénica: **Fernando Soto**
Escenografía: **Mónica Boromello** /
Música orixinal: **Didi Gutman para**
Marta Martín-Sanz / Deseño de
iluminación: **Javier Ruiz Alegría**

Duración: 100 minutos (sen intermedio)

Entradas: tarifa A



VENRES 4 / SÁBADO 5
MAIO

La joven compañía

LA EDAD DE LA IRA

De Nando López

O suposto asasinato cometido por Marcos, un estudante de Bacharelato, constitúe o punto de partida dunha investigación que nos permite penetrarnos, a través dos seus amigos e compañeiros de clase, nos seus medos, soños e inquietudes. Os personaxes adolescentes desta novela, finalista ao Premio Nadal 2010, toman a voz neste retrato realista e á vez poético de toda a súa xeración.

Escrita para La Joven Compañía polo propio Nando López, *La edad de la ira* ofrécenos unha mirada radicalmente nova con respecto á novela orixinal: unha función na que os adolescentes son os únicos protagonistas e que nace como un canto á diferenza e á procura –libre e valente– da nosa identidade.

Reparto:

Xurxo Barcala / Alejandro Chaparro
Jesús Lavi / Rosa Martí / Laura
Montesinos / María Romero / Alex



Villazón / Jorge Yumar

Coa colaboración de **Mabel del Pozo**
e **Iker Lastra** e a voz de **Juan Echanove**

Equipo artístico/técnico:

Dirección: **José Luis Arellano García** /
Iluminación: **Juanjo Llorens (AAI)** /
Escenografía e vestuario: **Silvia de**
Marta / Música e espazo sonoro: **Luis**
Delgado / Videoescena: **Álvaro**
Luna (AAI) e **Elvira Ruiz Zurita** /
Coreografías: **Andoni Larrabeiti**

Duración estimada: 100 minutos
(sen intermedio)

Entradas: Tarifa A

VENRES 18 / SÁBADO 19
MAIO

Talia Teatro

O SERVIDOR DE DOUS AMOS

De Carlo Goldoni

Talia teatro presenta unha revisión do clásico *O servidor de dous amos*, un dos textos máis relevantes da historia do teatro. Convertido no referente



por excelencia da *Commedia dell'Arte*, atopáredes aquí unha reinvencción da obra de Goldoni que respecta o ritmo, a comedia e o humor da peza orixinal, pero que busca tamén incorporar novas formas de teatralidade. No noso atrevemento non facemos outra cousa que intentar respectar o verdadeiro espírito da *Commedia dell'Arte*, do teatro renacentista italiano: a procura da innovación polo uso de todas as novidades escénicas posibles, a persecución do “espectáculo total”, unha obra que sexa capaz de deixar abraiado a todo o público presente.

Así como a *Commedia dell'Arte* creaba unha paisaxe cómica e irreverente da sociedade italiana do momento, esta versión trata de construír un xoguete escénico onde os contratos matrimoniais son substituídos por contratos urbanísticos, nobres e mandatarios trocan en empresarios e políticos, e a vida mesma da nosa sociedade é retratada con irreverencia e descarro, buscando un espectáculo trepidante e deslinguado, tan mordaz como divertido.

Reparto:

Xurxo Barcala / Toño Casais / Marta
Lado / María Ordóñez / Diego Rey,
Marta Ríos / Artur Trillo / Dani Trillo

Equipo artístico/técnico:

Dirección: **Diego Rey**
Escenografía: **Diego Valeiras**
Vestuario: **Martina Cambeiro**

Duración estimada: 75 minutos
(sen intermedio)

Entradas: Tarifa B



VENRES 1 / SÁBADO 2
XUÑO

Sabre Producciones e
Pentación Espectáculos

CINCO HORAS CON MARIO

De Miguel Delibes
(adaptación: **Miguel Delibes,**
Josefina Molina e José Sámano)

Estamos en marzo de 1966. Carmen Sotillo acaba de perder ao seu marido Mario de forma inesperada. Unha vez que as visitas e a familia se retiran, ela soa vela durante a última noite o cadáver do seu marido e inicia con el un monólogo-diálogo no que descubrimos as súas personalidades e os conflitos do seu matrimonio. Cunha forma entrecortada, detallista ao mínimo, reiterativa e chea de tópicos, Carmen Sotillo di cousas, manifesta sentimentos e emite xuízos que a moitas persoas hoxe pódennles parecer increíbles. Pero damos fe de que esa linguaxe existía, de que eses xuízos emitíanse, de que esas “cousas” de Carmen estaban na vida de todos os días. *Cinco horas con Mario*, é, entre outras moitas cousas, un documento vivo deses anos. Das preocupacións económicas, relixiosas, políticas, sexuais e morais entón imperantes que Delibes, a través da linguaxe do seu protagonista,



deixou retratadas con nitidez, de forma que a vida española de entón chega a palpar viva nas súas palabras. Pero, sobre todo, *Cinco horas con Mario* fálanos dos asuntos eternos do ser humano: da culpa, da soidade, da incomunicación, do sentido da vida.

Reparto:

Carmen Sotillo: **Lola Herrera**

Equipo artístico/técnico:

Dirección: **Josefina Molina** / Mobiliario
e atrezzo: **Mateos/Sabre** / Voz locutor:
Julio López / Perruquería: **Gema**
Moreno / Deseño de iluminación:
Manuel Maldonado / Espazo sonoro:
Mariano Díaz / Espazo escénico:
Rafael Palmero

Duración estimada: 90 minutos
(sen intermedio)

Entradas: Tarifa E

Primavera 2018 CICLO PRINCIPAL Teatro Rosalía Castro

